

RIBAXOGO

Un ano máis, o Concello de Ribadeo e A.C.I.S.A. Ribadeo traballan conxuntamente para facer do Nadal unhas datas moi especiais, nas que a veciñanza e visitantes se acheguen a gozar da nosa vila, dinamizando deste xeito as rúas e dándolle un impulso á economía local.

Con esta finalidade, este Nadal volve RIBAXOGO, un espazo lúdico e de lecer para xs máis pequenxs da casa, onde gozarán de atraccións e actividades supervisadas por persoal cualificado.

QUE É RIBAXOGO?

Trátase dun espazo lúdico instalado nunha carpa localizada no Campo de San Francisco, que abrirá as súas portas dende o próximo 23 de decembro ata o día 8 de xaneiro.

Durante estes días de Nadal, as nenas e nenos poderán gozar de diferentes actividades e xogos axeitados á súa idade e supervisados por persoal traballador cualificado.

ACCESO

Para acceder ao recinto de RIBAXOGO será preciso presentar unha entrada por cada día que se queira participar.

As entradas conseguiranse en calquera dos establecementos adheridos ao realizar un gasto igual ou superior a 5 euros. Cada entrada dará acceso a un día completo.

A listaxe de establecementos participantes farase pública no seguinte dirección www.ribaxogo.ribadeo.gal xunto con toda a información das actividades.

Os nenos e nenas menores de 8 anos deberán permanecer baixo a supervisión dunha persoa adulta e recoméndase que os menores de idade, entre 8 e 16 anos, deixen ao entrar o número de teléfono dunha persoa responsable.

A entrada e a participación nas actividades estará suxeita aos aforos dispoñibles en cada unha delas. Será o persoal traballador o que organice a participación nas actividades.

DATAS E HORARIOS

Ribaxogo estará aberto dende o 23 de decembro de 2022 ata o 8 de xaneiro de 2023.

Os horarios serán os seguintes:

- Os días **23 e 30 de decembro e 7 e 8 de xaneiro**: de 12:00 a 14:00 e de 17:00 a 21:00horas.
- Os días **24 e 31 de decembro**: de 12:00 a 14:00 e de 16:30 a 19:30horas
- Os días **26, 27, 28 e 29 de decembro e 2, 3, 4, e 5 de xaneiro**: de 17:00 a 21:00 horas

O día 8 de Xaneiro, a entrada será libre, sen necesidade de presentar entrada.

Os días 25 de decembro e 1 de xaneiro estará pechado.

ADHESIÓN E PUNTOS DE ENTREGA DAS ENTRADAS

Disporase de múltiples puntos onde se poderán obter as entradas para Ribaxogo cun gasto mínimo de cinco euros. Poderán adherirse como establecementos colaboradores todos aqueles que teñan a súa sede en Ribadeo e respondan á definición de **persoa autónoma, micropeme ou pequena empresa segundo o regulamento UE nº651/2014 da CE**.

Os establecementos colaboradores poderanse adherir ata o día 5 de xaneiro e de xeito presencial na Área de Desenvolvemento Local do Concello de Ribadeo ou nas oficinas de ACISA Ribadeo en horario de 9.30 a 14.00. A partir do día 23 de decembro, só será posible facelo no Concello.

Todos os establecementos que desexen participar deberán cumprimentar unha declaración responsable, na que se comprometen a cumprir as bases da campaña. No momento da adhesión faráselles entrega das entradas a repartir entre a súa clientela. No caso dos establecementos membros de ACISA, será a propia asociación a que en representación dos seus asociados declare que todos os participantes cumpren as condicións establecidas nestas bases así como coa definición de **persoa autónoma, micropeme ou pequena empresa segundo o regulamento UE nº651/2014 da CE**.

Cada establecemento participante entregará unha única entrada por tócket de compra ou consumición realizadas (igual ou superior a 5 euros).